

PRONOME PERSOAL

Os pronomes persoais sinalan as persoas gramaticais que interveñen no coloquio. Temos dúas series, tónica e átona:

SERIE TÓNICA

Poden ser : - **Formas rectas**: son aquelas que poden funcionar como suxeito, atributo e vocativo. *Ela ten moitos anos.*

Se eu fose ti!

Ti, cala xa.

- **Formas oblicuas**: son aquelas que non poden funcionar como suxeito:

O.D. = *Eu arroleite a ti moitas veces.*

O.I. = *Elías trouxo un paquete para min.*

C.C. = *Estivo moito tempo onde nós.*

Axente da pasiva = *O traballo será feito por eles cada mañá.*

	rectas	oblicuas
	non reflexiva	reflexiva
p1	eu	min
p2	ti	
p3	el / ela	si
p4	nós	
p5	vós	
p6	eles / elas	si

Trala preposición CON empréganse unhas formas especiais:

	p1	p2	P3	P4	P5	P6
CON	comigo	contigo	consigo	connosco	convosco	consigo

Eu non quero que el veña connosco.

Os pronomes de TERCEIRA PERSOA contraen coas preposicións DE e EN:

	el	ela	eles	elas
DE	del	dela	deles	delas
EN	nel	nela	neles	nelas

A solución do conflito xa non dependía del.

Formas pronominais de cortesía: o tratamento de cortesía efectúase aplicando a terceira persoa gramatical ao oínte, e empregando unhas formas pronominais específicas:

	singular	plural
Pronome de cortesía	vostede	vostedes

As formas de cortesía sempre levan o verbo en terceira persoa de singular ou de plural.

Polo visto, a vostedes non lles interesa este negocio.

SERIE ÁTONA

NÚM.	PERSOA E XÉNERO		NON REFLEX.		REFLEX.
			O.I.	O.D.	
SING.	1ª		me		
	2ª		che	te	
	3ª	MASC.	lle	o, lo, no	se
		FEM.		a, la, na	
PL.	1ª		nos		
	2ª		vos		
	3ª	MASC.	lles	os, los, nos	se
		FEM.		as, las, nas	

O emprego das formas o/lo/no.

- **-no:** utilízase tras forma verbal rematada en ditongo. *Viuna na televisión.*
Roubounos e logo vendeunos
- **-lo:** utilízase tras forma verbal rematada en –r ou –s. *Teño que facelo eu.*
Dobrámolá pola metade.
Tamén se utiliza –lo tralos pronomes átonos nos, vos, lles e o adverbio interrogativo u:
Non llelo quixen dicir.
Xa volo conto agora.
Dixo que vira un peixe, ulo?
- **o, a, os, as:** emprégase en todos os demais contextos. *Fíxena eu.*
Téñoos aquí.
Mandou que as tirasen.

O PRONOME REFLEXIVO

Este pronome representa o O.D. que coincide co suxeito *Ela lávase*. Polo tanto, non é correcta a frase: **Laveime as mans*, **Compreime un coche*, xa que nestes casos o pronome ten función de O.I. e no galego non hai reflexivas indirectas.

Mírate neste espello.
María non se peiteou.

PRONOME DE SOLIDARIEDADE

O uso da 2ª persoa do pronome átono que implica afectivamente o interlocutor nos feitos aos que é alleo é unha manifestación fática (expresiva) da lingua. Só se poden usar CHE e VÓS ou como formas do tratamento cortés LLE e LLES.

Dóecheme esta perna.

DATIVO DE INTERESE

Expresa a persoa subxectivamente afectada pola acción verbal:

Este can moito me leva comido.
Vós non me saídes de aquí.

Indica a persoa que ten especial interese na acción que se indica, porque dela recibe proveito ou dano.

Acumulación de pronomes persoais.

A concorrencia dos pronomes persoais en dativo (O.I.) co acusativo (O.D.) de terceira persoa resólvese como segue:

ACUS. DAT.	O	A	OS	AS
ME	mo	ma	mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	llos	llas
NOS	nolo	nola	noslos	nolas
VOS	volos	vola	volos	volas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

Exemplos:

A min non mos deu.
Regaloulla á súa filla.
Dixéronnolo onte á noite.
Mercóulles aos nenos.

COLOCACIÓN DO PRONOME

1. En oracións simples e nas principais das compostas, o pronome vai **enclítico** (detrás do verbo e formando con el unha unidade).

Pousárono no chan.
Xoán dílles que non se vaian.

2. O pronome vai **proclítico** (diante do verbo e separado del) nos seguintes casos:

- En oracións subordinadas:

Dixo que te levaba no coche
Douchas porque as mereces

- Nas oracións negativas ou introducidas por unha partícula negativa:

Non mo dixo a min directamente
Ningunha cousa lle gusta.

- Cando a oración vai introducida por algún adverbio (agás os de tempo e lugar): aínda, de seguida, en seguida, só, sempre, nunca, axiña...

Aínda mo dixo onte. (Díxome aínda onte)
Axiña cho devolvo. (Devólvocho axiña)
Sempre me fas rabiñar. (Fasme rabiñar sempre)

- Cos indefinidos: algo, nada, alguén, ambos, bastante, calquera, mesmo, todo...

Bastante dano me fixo. (Fíxome bastante dano)
Algo che dirían para porte desa maneira.

- Se a oración vai introducida por un pronome interrogativo ou exclamativo, e nas oracións desiderativas:

Quen cho ía dicir?
Oxalá todo che saia ben!

3. Cada, varios e certo non provocan nunca a anteposición:

Cada día véxoo máis novo.
Certos pobos cómena crúa.

EXERCICIOS

1. Substitúe os nomes das seguintes frases polos correspondentes pronomes persoais tónicos.

- **Eles** marcharon ao cine.
- **El** é máis alto ca **ela** pero menos ca **el**.
- **Nós** estivemos na praza.
- Don Antón, **vostede** quere ler o xornal?
- Ti virás con **nós**. (**connosco**)

2. Coloca nos ocos os pronomes tónicos das persoas que se indican entre parénteses.

- Á túa nai xa **..eu....** (p1) lle dixen que agardase por **...nós....** (p4)
- A **..min...** (p1) non mo quixo contar, pero contoucho todo a **..ti....** (p2)
- Quería vir **connosco....** á praia, pero non lle deixamos.
- A miña compañeira é máis faladora ca **..min...** (p1)
- De acordo, se non queres ir con el podes vir **..comigo...** (p1) á festa.
- Cando viaxa ao estranxeiro sempre leva á nena **..consigo....** (p3)

3. Enche os ocos coas contraccións de preposición mailo pronome persoal.

- Nunca fora a aquel bar, era a primeira vez que estaba **...nel.....** (en, el)
- Non, aquel é o coche **..dela.....** (de, ela), o **....del....** (de, el) é de cor amarela.
- Os demais cuartos do hotel estaban ocupados, pero non puidemos saber quen había **...neles...** (en, eles)
- Son varios irmáns, o maior **...deles.** (de, eles) está rematando os estudos en Holanda.
- O pai de Xurxo ten unha motora, e onte fomos **..nela.....** (en, ela) á Toxa.

4. Transforma os seguintes enunciados utilizando o tratamento de cortesía.

- **Vostede** ben **sabe** o que pasou, pero non mo **quere** dicir.
- Esta chaqueta a **vostede** **élle** grande de máis.
- Nunca **lle** falei dese rapaz a pesar de que mo **pediu**.
- Xa **o** vin onte na praia; **estaba** coa **súa** irmá máis nova.
- Nunca llelo **diga** a eses rapaces, nunca o entenderían.

5. Substitúe o O.D. polo pronome correspondente nas seguintes frases.

- Non vin as pedras. **Non as vin.**
- Regalou un can. **Regalouno.**
- Comprei un libro. **Compreino.**
- Quería beber viño tinto. **Queríao beber / Quería bebelo.**
- Non debes coller o coche. **Non o debes coller / Non debes collelo.**

6. Substitúe o O.I. nas seguintes frases.

- De**ille** un abrazo (a Luís).
- De**ulles** todo o que tiña (aos pobres).
- Relate**ille** toda a historia (ao meu amigo).
- Dixo**che** (a ti) algo do noso?
- Farei**vos** varios regalos: (a Xoán, a Paulo e mais a ti).

7. Pon CHE ou TE onde corresponda.

- Vente..... logo queche.... conto unha cousa.
- Quero que ...te... vaías, noncho digo máis veces.
- Por que ..te... vas se ...che... dan o que pides?
- Douche..... este libro para que ..te... divirtas.
- Devólvoche..... o libro que pedira.
- Non ..che... deron o que ..che... prometeron.

8. Completa as seguintes oracións cos pronomes persoais que conveña (lle/lles).

- Non ...lles... trouxo nada (a eles).
- Aquela casa non ...lles.. gustaba aos veciños.
- A Lisardo cómpre traerlle.... uns pantalóns.
- Cando chegou Pedro dille..... que veña pola biblioteca.
- Se os visitades a eles preguntádelles..... polos exames.

9. Nas seguintes oracións substitúe as palabras destacadas polo pronome que mellor conveña.

- A túa nai mercou o pantalón para o teu irmán. A túa nai mercoullo.
- Fixemos os exames da 3ª avaliación. O profesor puxo os exames aos de terceiro máis fáciles. O profesor púxollos máis fáciles.
- O pintor fixo o debuxo para aquela rapaza. O pintor fixollo.
- Elas van pintar o debuxo con cores para os seus irmáns. Elas vánllelo pintar con cores / Elas van pintarllelo con cores.

10. Coloca a forma dos pronomes de O.D. (3ª e 6ª persoa) nas seguintes oracións.

- O cadro pintouno meu irmán.
- O traballo fixéchelo por min.
- Agora a casa téñoa rematada.
- Eu ós rapaces leveinos á praia no autobús.
- O traxe de raias non o poñas, que está pasado de moda.
- A gamela pinta de verde e vermello.

11. Completa as frases coas formas dos pronomes o/lo/no, a/la/na.

- Este traxe merqueino.... en Santiago.
- É un segredo, non podo conta-lo.....
- Eu iso non ...o.... creo.
- A redacción fixémol-la..... en media hora.
- O paquete funo.... buscar eu mesmo.
- Eso dixéronno-lo..... uns amigos.

12. Fíxate qué pronomes concorren nestas contraccións.

- | | | | |
|-------------|------------------|---------------|----------------|
| - mo me+o | - llelo lles+o | - nolo nos+o | - volas vos+as |
| - mas me+as | - llelas lles+as | - llas lle+as | - cho che+o |

13. Introduce a forma adecuada do dativo de solidariedade (che, vos, lle, lles) onde sexa posible.

- Mira, eu che non lle dixen que si nin que non.
- Non lle teño cambio, señor.
- Pero mirade que vos vai calor.
- Dígoche a verdade: non che hai moito que ver nesta cidade.

14. Coloca os pronomes onde conveña.

- (me) Cando ..me... chamas.....?
- (vos) O teu amigo mandouvos..... unha carta dende Brasil.
- (che) Esta señora mércache..... os libros antigos do teu avó.
- (lles) Ímoslles.... facer unha figura de arxila.
- O profesor chamoulle..... a atención ao teu amigo.
- A ti xate.. avisei..... un cento de veces.
- O meu avó aguantoulle.... ao neto o que non ..lle. aguantou..... ao fillo.
- Non ..vos.. digo..... nada, pero vós sabedes que tedes que facer.
- A túa irmá fixoche..... o xersei para ti porque ..te... aprecia.....

15. Corrixe os erros de utilización dos pronomes persoais.

- Se vés comigo convídote a unha boa merenda.
- Nesta aula temos varias rapazas que poderían ser modelos; María é unha delas.
- Dixéronme que aquí se mercaba bo pan de centeo.
- Para saír do apuro, dirémoslles aos viaxeiros que o tren aínda non chegou.
- Onte mandeiche un ramo de flores e espero que che gustaran.
- Dixécheslles ás rapazas onde iamos estar o domingo? Se non llelo dixeches terás que llelo dicir. (terásllelo que dicir / terás que dicírllelo)
- Estas carreiras xa non son para min, que teño noventa anos.
- Cando mo contaron, non o podía crer porque aquilo era de tolos.
- Non te preocupes, que a doutora vai che facer unhas curas e sandarás decontado.

16. Traduce.

- Prepároche a cea ou queres deitarte sen comer?
- Vouche contar un segredo: esta noite soñei que caía dende o alto dunha torre e que, ao chegar ao chan, ti recollíasme e salvábasme a vida.
- Comigo sempre estarás seguro porque eu son unha rapaza moi forte.
- Dirémoslles que nos caeu pola ventá e así non sospeitará.
- Xa che dixen o que pensaba acerca dos campos magnéticos.
- Estouche dicindo que casaron pola igrexa, aínda que ninguén puido sabelo porque o fixeron no máis absoluto secreto.
- Algunhas institucións concedéronlles préstamos a baixo xuro.
- Comeu e bebeu todo o que lle proporcionaran os veciños.
- Escriboche esta carta para contarche o que lles pasou a uns amigos.
- Fíxenlles unha visita a(os) meus avós, fixénllela onte á noite na súa casa.
- O profesor levoute ao despacho do director.
- O profesor levouches os libros ao despacho do director.